


Memoria **ORAL** 2024



Xestión e recadación de recursos locais

[Memoria ORAL]

2024



Presentación

É para min unha grande honra presentar a Memoria de xestión do Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Tributos Locais da Deputación de Pontevedra correspondente ao exercicio 2024; un documento que reflicte con claridade o esforzo, a eficacia e o compromiso con que esta institución traballou ao servizo da cidadanía e dos concellos da nosa provincia.

Ao longo deste exercicio avanzamos nos obxectivos que nos marcamos ao comezo do mandato: **mellorar a eficiencia na xestión tributaria, reforzar a cooperación cos concellos e garantir unha recadación xusta, transparente e próxima**. O traballo realizado polo ORAL permitiu consolidar un modelo de xestión renovado, baseado na modernización, a simplificación dos trámites e unha atención máis persoal e accesible.

Grazas á confianza dos concellos delegantes (56 concellos e nove entidades locais distintas ao municipio), o ORAL incrementou a súa capacidade de servizo, **xestionando no dito exercicio un volume de 150,2 millóns de euros** (10 millóns máis que no precedente) e contribuíndo a dotar as entidades locais dos recursos necesarios para continuar desenvolvendo políticas públicas que melloren a calidade de vida das veciñas e veciños da provincia.

O volume de recadación total efectuada, **en relación ao principal das débedas contraídas** (descontando xuros de demora e recargas executivas) situouse en 146,9 millóns de euros, dos cales 129,9 millóns se recadaron na vía voluntaria de cobro e

16,9 na vía executiva. Ademais, o total entregado a concellos pola xestión e recadación dos seus tributos alcanzou os 145,7 millóns de euros (12,2 millóns de euros máis que en 2023).

É importante destacar ademais a **redución paulatina do pendente de cobro** en executiva ao final de exercicio, froito dos traballos de análise e depuración das débedas, que permitiron reducir o mencionado pendente de cobro en 7,4 millóns de euros (46,7 millóns en 2023 fronte a 39,3 millóns en 2024).

Por último, fomos quen de lles entregar aos concellos 72,7 millóns de euros en concepto de anticipos ordinarios (66,3 millóns), extraordinarios (3,2 millóns) e liquidacións provisionais (3,1 millóns), o que supón un incremento dun 8,31 % no volume entregado ás entidades delegantes en concepto de **liquidez inmediata**.

Outros avances no exercicio teñen que ver coa **xeneralización da inspección tributaria** e a comprobación (incremento dun 35 % con respecto a 2023), a depuración da base de datos de persoas (incremento dun 50 % con respecto ao exercicio anterior), a obtención da **certificación en calidade** do servizo de atención a contribuíntes e entes delegantes do ORAL ou a participación da Deputación por primeira vez dunha iniciativa no marco da semana do goberno aberto a través da xornada organizada polo ORAL, "A Administración cada vez máis cerca, novas ferramentas ao servizo da cidadanía".

Esta **memoria de xestión** é, en definitiva, o reflexo dun traballo ben feito e da confianza nun modelo de administración local eficaz, transparente e plenamente ao servizo da sociedade.

Por último, quero destacar e agradecer a **profesionalidade e dedicación do persoal do ORAL**, que co seu esforzo e compromiso fai posible o funcionamento dun servizo tan importante para as entidades locais da provincia. E tamén, como non, a colaboración dos concellos e das persoas contribuíntes, pois a xestión tributaria non é só unha tarefa técnica senón unha mostra de **solidariedade territorial e de responsabilidade compartida**.


De cara ao futuro, a nosa vontade será continuar apostando pola innovación, a transparencia e a mellora continua do servizo público, consolidando un modelo de administración que combine o rigor económico coa proximidade á cidadanía.

Luis López Diéguez

Presidente da Deputación de Pontevedra

Índice

9	A nosa actividade
11	Delegacións que xestionamos
19	Organización interna
25	Os nosos datos de xestión
39	Outras actividades de xestión
49	Outros servizos a entes delegantes
55	Información e atención á cidadanía



Capítulo 1

A nosa actividade

A NOSA ACTIVIDADE

Obxectivos

- A conformación e o mantemento actualizado dos padróns dos tributos municipais co alcance e coas condicións que se conveñan.
- A práctica de liquidacións para determinar as débedas tributarias e outros actos de xestión.
- A recadación en período voluntario e executivo de toda clase de tributos, así como doutros ingresos de dereito público.
- A inspección dos tributos locais.
- O asesoramento xurídico e económico en materia de xestión tributaria aos concellos cuxa xestión lles fose delegada.
- A colaboración na xestión catastral e na xestión do procedemento sancionador en materia de tráfico.
- A prestación de calquera outra actividade ou servizo necesario para a maior efectividade dos anteriores.

Valores

- Información continuada, clara e precisa.
- Eficacia e eficiencia na xestión.
- Profesionalidade, imparcialidade e transparencia na xestión.
- Seguridade e confidencialidade nas relacións coa cidadanía.
- Calidade e implantación de medidas correctoras na liña da innovación tecnolóxica e da mellora continua.
- Compromiso coa igualdade de oportunidades en materia de xénero.

Misión

A misión do ORAL consiste na xestión, inspección e recadación por delegación, daqueles concellos e doutros entes locais da provincia de Pontevedra que así o desexen, dos ingresos públicos que permitan prestarlles ás e aos contribuíntes servizos públicos de calidade para impulsar a modernización da Administración local.

Visión

Ser unha administración moderna e eficaz, referente na xestión de tributos locais e próxima á cidadanía, coa finalidade de asistir na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria en período voluntario e executivo, así como apoiar a xestión financeira dos concellos delegantes, especialmente dos que contan cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

O Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) é o órgano desconcentrado sen personalidade xurídica que desenvolve as funcións de xestión catastral, censual, tributaria, inspectora, recadadora e de colaboración na xestión catastral e de recadación das sancións de tráfico e doutros ingresos públicos para as entidades locais que teñan delegadas de forma expresa as ditas funcións, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ou se lle é encomendado segundo o establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Do mesmo xeito, tamén desenvolve as funcións de recadación e outras que lle sexan expresamente encargadas respecto dos recursos propios da Deputación.

Capítulo 2

**Delegacións que
xestionamos**

DELEGACIÓNS QUE XESTIONAMOS

Novas delegacións en 2024

- **POIO:** Delegación da fase instrutora no procedemento sancionador e facultades de recadación de multas de tráfico.
- **VALGA:** Inspección da liquidación provisional da taxa por tendidos, tubaxes e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, escuadros, caixas de amarre de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre estes.
- **A GUARDA:**
 - Xestión tributaria e recadación en voluntaria do IBI, IAE, IVTM e do IIVTNU, e das taxas pola prestación do servizo de recollida de lixo; pola prestación do servizo de distribución de auga; pola prestación do servizo de sumidoiro; por entrada de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase; e por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.
 - Inspección do IAE, IIVTNU, liquidación provisional do ICIO e da taxa por licenza de obras, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación definitiva de cada un deses tributos, liquidación provisional da taxa do 1,5 % e outras taxas municipais (lixo, sumidoiros, auga, ocupación vía pública e vaos).
 - Recadación executiva derivada da xestión dos tributos e demais ingresos de dereito público delegados no ORAL, así como daqueles ingresos de dereito público que se atopan pendentes de cobro na Tesourería Municipal.
 - Instrución do procedemento sancionador por infraccións de tráfico e recadación voluntaria e executiva das sancións de tráfico.
 - Adhesión ao convenio de colaboración en materia de xestión catastral.
- **CERDEDO-COTABADE:** Xestión tributaria e recadación da taxa pola prestación do servizo de sumidoiro, saneamento e depuración de augas residuais.

O ORAL exerce competencias delegadas en materia de xestión tributaria, recadación en vía voluntaria e executiva, inspección, colaboración na xestión catastral e recadación das sancións de tráfico e outros ingresos públicos para as entidades locais.

PROCEDEMENTO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS


O procedemento para formalizar a delegación na Deputación de Pontevedra das competencias e funcións que se detallan nas bases que regulan as relacións interadministrativas entre o ORAL e os entes delegantes (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, BOPPO, 14/06/2023) é o seguinte:

- a) Acordo adoptado polo Pleno do concello delegante.
- b) Traslado do acordo definitivo da delegación á Deputación mediante unha certificación expedida pola Secretaría do concello delegante.
- c) Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, no que se acepta a delegación se o acordo municipal se axusta ás presentes bases.
- d) Publicación do acordo anterior no BOPPO e no *Diario Oficial de Galicia*, para coñecemento xeral, de acordo co previsto no artigo 7.2 da Lei reguladora das facendas locais ou no artigo 11.3.b da Lei 39/2015.

Evolución das delegacións (2021–2024)

EVOLUCIÓN DAS DELEGACIÓNS	2021	2022	2023	2024
Xestión integral do IBI	50	50	50	51
Xestión integral do IAE	50	50	50	51
Xestión integral do IVTM	47	47	47	48
Xestión integral do IIVTNU	29	29	29	28
Xestión integral da TRRSU	48	48	48	49
Xestión integral da taxa de sumidoiro	24	26	26	27
Xestión integral da taxa por entrada de vehículos	26	29	29	30
Xestión integral doutras taxas e prezos públicos (*)	37	37	37	38
Inspección	51	51	53	54
Xestión catastral	48	48	49	50
Sancións de tráfico (instrución e recadación)	32	34	35	37
Recadación executiva	52	54	54	55
TOTAL	494	503	507	518

(*) En “xestión integral doutras taxas e prezos públicos” compútanse taxas por aproveitamento especial do dominio público local ou por prestación dun servizo público distintas á TRRSU, taxa de sumidoiro e taxa por entrada de vehículos (mercados, lonxas, matadoiros, licenzas de autotaxi, auga...), así como calquera tipo de prezo público.



DELEGACIÓNS DE CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

EVOLUCIÓN DAS DELEGACIÓNS	<5.000 hab.	de 5.000 a 20.000 hab.	TOTAL
Xestión integral do IBI	21	25	46
Xestión integral do IAE	21	25	46
Xestión integral do IVTM	21	23	44
Xestión integral do IIVTNU	8	15	23
Xestión integral da TRRSU	21	23	44
Xestión integral da taxa de sumidoiro	18	8	26
Xestión integral da taxa por entrada de vehículos	11	15	26
Xestión integral doutras taxas e prezos públicos	19	15	34
Inspección	23	26	49
Xestión catastral	21	24	45
Sancións de tráfico (instrución e recadación)	10	22	32
Recadación executiva	23	27	50

RESULTADOS CLAVE DAS DELEGACIÓNS NO ORAL:

Relacións co ORAL en materia de xestión e/ou recadación	→	91,80 % dos concellos
Recadación en executiva	→	91,80 % dos concellos
Xestión do IBI e IAE	→	83,61 % dos concellos
Xestión catastral	→	81,97 % dos concellos
Xestión do IVTM	→	78,69 % dos concellos

RESULTADOS CLAVE DOS CONCELLOS DE < 20.000 habitantes:

Relacións co ORAL en materia de xestión e/ou recadación	→	98,04 % dos concellos
Recadación en executiva	→	98,04 % dos concellos
Xestión do IBI e IAE	→	90,20 % dos concellos
Xestión catastral	→	88,24 % dos concellos
Xestión do IVTM	→	86,27 % dos concellos

En relación á xestión desenvolvida polo ORAL, é necesario facer especial referencia aos **concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes**. No artigo 36.l.f da Lei de bases de réxime local establécese o ámbito competencial das deputacións, e sinálase como propia a de asistencia na prestación dos servizos de xestión na recadación tributaria, no período voluntario e executivo e de servizos de apoio na xestión financeira dos citados municipios.

Dos 61 concellos que conforman a provincia de Pontevedra, hai un total de **51** que se atopan por debaixo do limiar sinalado na citada Lei de bases (INE 2024) e, deles, soamente nun non exerce o ORAL tarefas de xestión ou recadación de tributos.

DELEGACIÓNS POR CONCELLO E CONCEPTO

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
AGOLADA	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
ARBO	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
BAIONA	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
BARRO	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+	+	+
BUEU						+							
CALDAS DE REIS	+	+	+	+		+	+		+	+	+	+	+
CAMBADOS	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
CAMPO LAMEIRO	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
CANGAS	+	+		+		+				+	+	+	+
CAÑIZA, A	+	+	+			+	+		+	+	+	+	+
CATOIRA	+	+	+	+		+	+		+	+	+	+	+
CERDEDO-COTOBADE	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
COVELO	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
CRECENTE	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+	+	+
CUNTIS	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
DOZÓN	+	+	+	SAI		+		+		+	+		+
ESTRADA, A	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
FORCAREI				SAI						+		+	+
FORNELOS DE MONTES	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
GONDOMAR	+	+	+			+				+	+	+	+
GROVE, O										+		+	+
GUARDA, A	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
ILLA DE AROUSA, A										+		+	+
LALÍN	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
LAMA, A	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
MEAÑO	+	+	+	+		+				+	+	+	+
MEIS	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+		+
MOAÑA	+	+	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+
MONDARIZ	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
MONDARIZ-BALNEARIO	+	+	+	+		+			+	+	+	+	+
MORAÑA	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
MOS	+	+		+						+	+	+	+
NEVES, AS	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+	+	+
NIGRÁN	+	+								+	+		+
OIA	+	+	+	+		+	+			+	+		+
PAZOS DE BORBÉN	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
POIO	+	+	+	+				+	+	+	+	+	+
PONTE CALDELAS	+	+	+	SAI		+		+	+	+	+	+	+
PONTEAREAS	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
PONTECESURES	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+		+
PORRIÑO, O	+	+	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+
PORTAS	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
RODEIRO	+	+	+	SAI		+			+	+	+		+
ROSAL, O	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
SALCEDA DE CASELAS	+	+	+	+		+		+		+		+	+
SALVATERRA DE MIÑO	+	+	+	+		+				+	+	+	+
SANXENXO	+	+	+			+		+		+	+		+

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
SILLEDA	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
SOUTOMAIOR	+	+	+	SAI		+		+	+	+	+	+	+
TOMIÑO	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
TUI	+	+	+	+		+		+		+	+	+	+
VALGA	+	+	+	SAI		+	+			+	+	+	+
VILA DE CRUCES	+	+	+	SAI		+		+		+	+		+
VILABOA	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+	+	+
VILAGARCÍA DE AROUSA													+
VILANOVA DE AROUSA	+	+	+	+		+			+	+	+	+	+
TOTAL	51	51	48	28	3	49	27	30	38	54	50	37	55

(*) O ORAL asume a xestión e recadación voluntaria e executiva da TRRSU do Concello de Bueu por delegación da Mancomunidade do Morrazo (Bueu, Cangas e Moaña).

(*) A referencia **SAI** indica a inexistencia de acordo de imposición municipal; polo tanto, a imposibilidade de delegación.

(*) Na xestión do ICIO inclúense soamente os concellos que delegaron a xestión integral do imposto.

(*) No referente á inspección inclúense as entidades que delegaron no ORAL a inspección de calquera tributo (IAE, ICIO, taxa do 1,5, TRRSU,...).

Ademais do apoio a concellos, o ORAL préstalles tamén servizos a outras entidades locais (comarcas, consorcios, mancomunidades e entidades locais menores):

OUTRAS ENTIDADES LOCAIS	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Consortio contra incendios da comarca do Salnés (inclúe o consorcio provincial)	+	+
Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes	+	+
Consortio provincial contra incendios	+	+
Mancomunidade do Morrazo (Bueu, Cangas e Moaña)	+	+
Consortio contra incendios das comarcas do Baixo Miño, do Condado e Louriña	+	+
Entidade local menor de Bembrive, Vigo		+
Entidade local menor de Chenlo, O Porriño		+
Mancomunidade do Val Miñor		+
Consortio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro		+
TOTAL	5	9



Capítulo 3

Organización interna

ORGANIGRAMA E COMPETENCIAS

O ORAL desenvolve as súas funcións a través de **sete servizos diferenciados**: Xestión de Recursos Públicos; Xestión Catastral e Tributaria do IBI; Recadación; Servizo Xurídico Tributario; Inspección e Procedementos Sancionadores; Coordinación; e Xestión Orzamentaria e Contabilidade (con dependencia funcional da Intervención xeral da Deputación), situados na localidade de Pontevedra.

Á súa vez, os **servizos periféricos de atención** estrutúranse xerarquicamente de xeito comarcal nas seguintes oficinas periféricas (O. P.):

- O. P. da Comarca de Deza (Lalín).
- O. P. da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes (A Estrada).
- O. P. da Comarca de Caldas (Caldas de Reis).
- O. P. da Comarca do Salnés (Vilanova de Arousa, Cambados e Sanxenxo).
- O. P. da Comarca de Pontevedra (Pontevedra e Ponte Caldelas).
- O. P. da Comarca do Morrazo-Val Miñor (Cangas, Moaña, Bueu e Nigrán).
- O. P. da Comarca da Louriña (O Porriño e Vigo).
- O. P. da Comarca do Baixo Miño (Tui, O Rosal, Tomiño e A Guarda).
- O. P. da Comarca do Condado e da Paradanta (Ponteareas, A Cañiza, Arbo, Crecente, Covelo e As Neves).



DISPOSICIÓN DO PERSOAL

POSTOS DE TRABALLO	Número de postos	Postos ocupados no exercicio
Tesoureira/o	1	1
Xefaturas de servizo	7	7
Adxuntas/os á xefatura de servizo	4	3
Técnicas/os superiores de xestión tributaria	4	1
Técnicas/os medios de xestión tributaria	9	9
Xefaturas de negociado	22	22
Administrativas/os de xestión tributaria	73	72
Axentes catastrais	3	3
Operador/a de teclado	1	1
Auxiliares de xestión tributaria e información	18	18
Auxiliares de xestión tributaria e información	31	26
TOTAL	142	137


Distribución do persoal da RPT

POSTOS DE TRABALLO	2021	2022	2023	2024
Dirección de xestión/Tesourería	3	4	3	1
Recadación	19	18	20	20
Xestión Orzamentaria e Contabilidade	5	5	5	5
Servizo Xurídico Tributario	6	6	6	6
Xestión Catastral e Tributaria do IBI	21	19	19	18
Inspección e Procedementos Sancionadores	-	8	11	9
Xestión de Recursos Públicos	20	13	13	13
Coordinación	75	75	70	70
TOTAL	149	148	147	142

O ORAL conta cun cadro de persoal **na RPT de 142 postos**, dos cales en 2024 foron ocupados un total de 137.

O cadro de persoal do ORAL completouse coa incorporación de **persoal temporal**, contratado para programas específicos ou por acumulación de tarefas, sumando un total de 34 postos (25 vinculados a distintos programas e 9 por acumulación de tarefas).


En función do número de delegacións xestionadas, a ratio por persoa traballadora en relación á RPT é de **2,1 persoas** para cubrir as necesidades de cada ente delegante (65).




COMPOSICIÓN DO CADRO DE PERSOAL

Nos últimos catro anos, como resultado dun proceso de impulso á **funcionarización**, produciuse un cambio significativo na distribución do persoal segundo o seu vínculo, pasando dun 86 % de persoal laboral en 2020 a tan só un 7 % en 2024.


O ORAL desenvolve a súa actividade promovendo políticas de conciliación da vida laboral e persoal, mediante a flexibilización dos horarios como a través da opción de acollerse a modalidades de traballo a distancia. Estas políticas non só buscan mellorar o benestar e a motivación do persoal, senón tamén incrementar a eficiencia e produtividade dentro do organismo.




Por sexo




Por tipo de relación




Por idade




Por oficinas



Por categorías



Por servicios



CURSOS E FORMACIÓNS

PRINCIPAIS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO PLAN DE FORMACIÓN	HORAS	ASISTENTES
A responsabilidade tributaria e o dereito de sucesións galego	20	34
Xestión catastral	30	16
Procedemento administrativo electrónico na administración local (I)	30	13
O Texto refundido da Lei do estatuto do empregado público (TREBEP) e as súas modificacións	25	9
Eficacia dos actos administrativos	25	9
Invalidez dos actos administrativos. Revisión e revogación dos actos administrativos	20	7
Obrigas dixitais das administracións públicas: Lei 39/2015 e Lei 40/2015	30	7
Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos	30	7
Aplicación práctica da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	25	6
Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Como implantar a nova taxa de xestión de residuos	25	6
Curso de probas de avaliación dos procesos selectivos	50	5
Lei 7/85, das bases do réxime local: A organización do concello	20	5
Ferramentas de intelixencia artificial que facilitan o traballo na administración pública	30	5
Procedemento administrativo electrónico na administración local (II)	30	5

OUTRAS FORMACIÓNS DESENVOLVIDAS NO PLAN DE FORMACIÓN	HORAS	ASISTENTES
Idiomas, linguaxe e estilo administrativo	200	10
Ferramentas informáticas	60	3
Outros (contratos, igualdade, atención, prevención de riscos,...)	240	30

Prácticas laborais

Por outro lado, ao amparo dos convenios de colaboración asinados entre a Deputación de Pontevedra e as universidades de León, Santiago de Compostela e de Vigo, o ORAL impulsa a realización de prácticas formativas co obxectivo de completar a formación do alumnado e preparalo para o exercicio de actividades profesionais.

UNIVERSIDADE	ALUMNAS/OS	HORAS
UVigo	1	250
Santiago de Compostela	2	282
León	1	240



Ademais da formación incluída no Plan agrupado de formación continua, en consonancia coa política de impulso da capacitación tributaria do persoal do ORAL, autorizáronse asistencias presenciais a distintos responsables de área ás Xornadas Workshop Scipion 2024 que tiveron lugar en Santiago de Compostela, ao IV Encontro ÁGORA desenvolto en Alacante e ao XII Curso de Xestión Tributaria e Recadación nas Entidades Locais que se levou a cabo en Sevilla.



Na mesma liña, responsables do ORAL asistiron a outras accións formativas específicas dirixidas a colectivos tributarios, coma o I Workshop ARANZADI de Facendas Locais. Tributación 2024, e o Observatorio de Xestión Tributaria e Recadación nas Entidades Locais, organizado por Cosital Network.



No eido da promoción da formación específica, organizáronse no exercicio 2024 distintas formacións internas referidas ás materias propias de cada posto de traballo coa seguinte desagregación de horas investidas:

FORMACIÓN INTERNA	HORAS
Configuración e administración do novo sistema de atención telefónica	6
Funcionamento do sistema de recepción de chamadas	38
Atención integral ás persoas contribuíntes	30
Formación inicial para persoal de novo ingreso	177,5
Formación específica no posto de traballo	34,5
Formación específica en software de xestión	60

Capítulo 4

Os nosos datos de xestión

FONTES DOS DATOS ECONÓMICOS:

Información elaborada a partir dos datos obtidos da conta xeral aprobada pola Presidencia da Deputación de Pontevedra e da aplicación de xestión tributaria do ORAL

CONTA DE XESTIÓN (RESUMO)

A rendición de contas da xestión do ORAL de cara aos entes delegantes no 2024 efectuouse a través da **aprobación da conta xeral por Resolución de Presidencia do 24/06/2025**. Nela exprésase o importe da xestión delegada, dos cargos entregados ao ORAL para a súa xestión de cobro, a recadación realizada, as liquidacións datadas por anulacións ou outros motivos e o pendente de cobro. De acordo con ese documento, exprésase o seguinte resumo da xestión desenvolvida polo ORAL no exercicio 2024.

RECADACIÓNS OBTIDAS NO EXERCICIO, OBXECTO DE LIQUIDACIÓN A ENTES DELEGANTES	
(1) Cota municipal	145.206.258,12 €
(2) Xuros de demora	604.627,24 €
(3) Xestión propia da Deputación	99.354,66 €
TOTAL NO EXERCICIO (1+2-3)	145.711.530,70 €

	PENDENTE INICIAL A 01/01/2024	CARGOS	COBROS	BAIXAS	PENDENTE DE COBRO O 31/12/2024
TOTAL ENTES DELEGANTES	60.467.209,86 €	150.251.482,81 €	146.921.266,61 €	10.515.546,05 €	53.281.880,01 €


DEREITOS PENDENTES DE COBRO O 01/01/2024		Cota municipal	59.935.874,04 €	60.467.209,86 €
		Recarga provincial do IAE	531.335,82 €	
DEREITOS RECOÑECIDOS NO EXERCICIO		Cota municipal	148.480.376,88 €	150.251.482,81 €
		Recarga provincial do IAE	1.771.105,93 €	
RECADACIÓNS	PRINCIPAL	Cota municipal	145.206.258,12 €	146.921.266,61 € (*)
		Recarga provincial do IAE	1.715.008,49 €	
	XUROS DE DEMORA DE RECADACIÓN EXECUTIVAS		604.627,24 €	
	RECARGAS DE PREMA E CUSTAS		3.007.440,19 €	
TOTAL DE BAIXAS		Cota municipal	10.398.001,11 €	10.515.546,05 €
		Recarga provincial do IAE	117.544,94 €	
PENDENTE DE COBRO O 31/12/2024		Cota municipal	52.811.991,69 €	53.281.880,01 €
		Recarga provincial do IAE	469.888,32 €	

(*) As contías sinaladas en concepto de cobros totais (**146.921.266,61 €**) refírense soamente ao principal dos tributos xestionados, sen ter en conta xuros de demora, recargas de prema, custas nin ingresos parciais recadados no exercicio 2024.

A recadación reflectida neste apartado **inclúe o recadado durante dous exercicios (2023 e 2024) en concepto de ingresos parciais derivados de cobros en período executivo, contías parciais recadadas de procedementos concursais e ingresos fraccionados e aprazados**.


CONTA DE XESTIÓN (COMPARATIVA)

	2021	2022	2023	2024
Pendente inicial	84.726.978,12 €	75.453.269,00 €	66.209.964,02 €	60.467.209,86 €
Cargos	135.275.167,14 €	136.587.307,62 €	140.363.285,52 €	150.251.482,81 €
Cobros	133.652.148,39 €	137.804.115,92 €	134.915.076,08 €	146.921.266,61 €
Baixas	10.896.727,87 €	8.026.496,68 €	11.190.963,60 €	10.515.546,05 €
Pendente final	75.453.269,00 €	66.209.964,02 €	60.467.209,86 €	53.281.880,01 €



A cantidade coa que se pecha cada exercicio (**53.281.880,01 € en 2024**) componse de débedas das voluntarias non finalizadas o 31 de decembro e de débedas en xestión na vía executiva.

En relación a esta última, está conformada por valores sobre os que aínda non se fixeron actuacións de execución contra as e os debedores (débedas recentes nas que non se ditou a providencia de prema ou non se lle notificou á ou ao debedor), débedas aprazadas ou fraccionadas en xestión de cobro, débeda suspendida por concurso de acredores ou outros motivos, débeda transferida á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) por razón de competencia e débeda en xestión polo ORAL.



CONTA DE XESTIÓN DE PADRÓNS

O ORAL **xestiona a través de padróns** as cobranzas do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre vehículos de tracción mecánica, imposto sobre actividades económicas, taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, así como outras taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Os recibos **pendentes de cobro o 01/01/24** inclúen a última cobranza non pechada de taxas do ano 2023, que finalizou o 29/12/2023 e que lles foi liquidada aos entes delegantes en febreiro de 2024.

Os **repostos** fan referencia a valores que entraron na vía executiva e que se devolven á vía voluntaria por motivo de non procedencia do ditado da providencia de prema.

Os recibos **pendentes de cobro o 31/12/24** inclúen a última cobranza non pechada de taxas do ano 2024, que finalizou o 30/12/2024 e que lles foi liquidada aos entes delegantes en febreiro de 2025.

Total para xestionar no exercicio 2024

RECIBOS PENDENTES DE COBRO O 01/01/24	CARGOS		TOTAL PARA XESTIONAR
	VOL	EXE	
1	2	3	4 (1 a 3)
43.240.099,90 €	130.650.568,76 €	1.799.248,74 €	175.689.917,40 €

Total xestionado

COBROS				BAIXAS			TOTAL DE XESTIÓN
VOL	EXE	REPOSTOS	TOTAL	VOL	EXE	TOTAL	
5	6	7	8 (5 a 7)	9	10	11 (9+10)	12 (8+11)
116.699.942,07€	12.449.824,83 €	1.498.049,08 €	130.647.815,98 €	-	6.417.241,30 €	6.762.664,13 €	137.410.480,11 €

Pendente de cobro a 31/12/2024

TOTAL PARA XESTIONAR	TOTAL DE XESTIÓN	RECIBOS PENDENTES DE COBRO O 31/12/23
4	12 (8+11)	13 (4-12)
175.689.917,40 €	137.410.480,11 €	38.279.437,29 €

CONTA DE XESTIÓN DE LIQUIDACIÓNS

Total para xestionar no exercicio 2024

LIQUIDACIÓNS PENDENTES DE COBRO O 01/01/23			LIQUIDACIÓNS CONTRAÍDAS/ CARGADAS		REDUCIÓNS
VOL	EXE	TOTAL	VOL	EXE	
1	2	3 (1+2)	4	5	6
4.107.278,56 €	13.119.831,40 €	17.227.109,96 €	16.991.272,84 €	2.341.812,61 €	1.531.420,14 €

Total xestionado

COBROS				BAIXAS			TOTAL DE XESTIÓN
VOL	EXE	REPOSTOS	TOTAL	VOL	EXE	TOTAL	
7	8	9	10 (7 a 9)	11	12	13 (11+12)	14 (10+13)
11.419.506,04 €	4.505.549,27 €	348.395,32 €	16.273.450,63 €	446.643,23 €	3.306.238,69 €	3.752.881,92 €	20.026.332,55 €

Pendente de cobro o 31/12/2024

LIQUIDACIÓNS PENDENTES DE COBRO O 31/12/24		
VOL	EXE	TOTAL
3.736.975,83 €	11.265.466,89 €	15.002.442,72 €

O ORAL xestiona a través da **emisión de liquidacións e autoliquidacións** o imposto sobre construcións, instalacións e obras, o imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana, taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou realización de actividades administrativas de competencia local. Inclúe, así mesmo, a emisión de valores relativos a tributos xestionados a través de padrón que reflicten variacións que precisan contar cun acto de notificación individualizada formal.

As liquidacións **pendentes de cobro o 01/01/24** inclúen aquelas emitidas a finais do exercicio 2023 e das que non foron pechados os cobros no propio exercicio.

As liquidacións **pendentes de cobro o 31/12/24** inclúen aquelas emitidas a finais do exercicio 2024 e das que non foron pechados os cobros no propio exercicio.

CONTA DE XESTIÓN (VOLUME RECADADO DURANTE O 2024)

O importe da recadación executiva fai sempre referencia ao principal das débedas cobradas para a súa posterior entrega ás entidades delegantes, polo que non ten en conta o resto de cantidades recadadas en concepto de custas, xuros de demora ou recargas executivas.

Recadación total

RECADACIÓN TOTAL	2021	2022	2023	2024
VOLUNTARIA	115.524.210,04 €	117.371.624,17 €	119.948.160,31 €	129.965.892,51 €
EXECUTIVA	18.127.938,35 €	20.432.491,75 €	14.966.915,77 €	16.955.374,10 €
TOTAL	133.652.148,39 €	137.804.115,92 €	134.915.076,08 €	146.921.266,61 €

Recadación voluntaria


RECADACIÓN TOTAL	2021	2022	2023	2024
PADRÓNS	106.078.028,48 €	107.052.206,19 €	108.538.245,58 €	118.197.991,15 €
LIQUIDACIÓNS	9.446.181,56 €	10.319.417,98 €	11.409.914,73 €	11.767.901,36 €
TOTAL	115.524.210,04 €	117.371.624,17 €	119.948.160,31 €	129.965.892,51 €

Recadación executiva

RECADACIÓN	2021	2022	2023	2024
TOTAL	18.127.938,35 €	20.432.491,75 €	14.996.915,77 €	16.955.374,10 €



CONTA DE XESTIÓN (RECADACIÓN VOLUNTARIA DE PADRÓNS)



A porcentaxe total de cobros en voluntaria derivados da xestión do ORAL sitúase por **riba do 91 %**. Os principais motivos que inciden neste fito son:

Depuración de padróns: os padróns tributarios son obxecto de depuración permanente, o que permite liquidar de xeito correcto a cada suxeito pasivo.

Evitación de recargas: as e os contribuíntes prefiren pagar dentro do prazo voluntario para evitar as recargas, xuros ou sancións que se aplican no período executivo.

Facilidades de pagamento: durante o período voluntario, o ORAL envía comunicacións, recordatorios por SMS e correo electrónico e ofrece facilidades de pagamento, o que favorece que se cumpra puntualmente.

Confianza e rutina fiscal: moitas e moitos contribuíntes teñen interiorizado o calendario tributario e pagan de forma automática ou programada a través da domiciliación bancaria.

Menor conflito: o pago voluntario é rápido, sinxelo e sen consecuencias legais, polo que resulta máis cómodo que afrontar un procedemento de prema.

DOMICILIACIÓN DOS TRIBUTOS PERIÓDICOS

A domiciliación bancaria permite xestionar o pagamento dos tributos municipais a través das entidades financeiras, ademais de ofrecer varias vantaxes para a cidadanía.

Comodidade: non é necesario desprazarse para cumprir as obrigas tributarias; afórrase tempo e evítanse quendas de espera.

Tranquilidade e confianza: saber que os pagos se fan automaticamente dá seguridade e reduce preocupacións.

Practicidade: pódese solicitar a alta e baixa por distintos medios. En caso de desconformidade, dispón de prazo para solicitar a devolución do recibo.


Continuidade no pago mesmo en ausencia: se alguén está de vacacións, doente ou fóra do seu lugar de residencia, o tributo págase igualmente sen necesidade de intervención.

Redución do papel: xa non recibirá documentos innecesarios na súa casa.


Historial e trazabilidade dos pagos: todos os cargos quedan rexistrados na conta bancaria, o que facilita comprobacións ou xustificacións posteriores.

Aforro: domiciliar evita despistes no cumprimento das obrigas e o aboamento de recargas innecesarias.


IBI Urbano




IBI Rústico




IAE




IVTM




TRRSU



Taxa da auga



Evolución interanual das domiciliacións



O impulso á domiciliación bancaria constitúe un **eixe permanente** na xestión tributaria levada a cabo polo ORAL, que se reflicte claramente na súa evolución ao longo do tempo.

Nos últimos cinco anos, a utilización deste sistema experimentou un **crecemento notable** de case seis puntos porcentuais, o que evidencia tanto a confianza dos contribuíntes neste método de pago coma a eficacia das medidas adoptadas para facilitar e incentivar o cumprimento voluntario das obrigas fiscais.

Este incremento non só contribúe a unha recadación máis segura e áxil, senón que reforza a eficiencia administrativa e a planificación dos recursos económicos deste ente.

A día de hoxe, o ORAL pon en xestión de cobro a través desta modalidade **preto de 925.000 recibos, por un importe total de 81,9 millóns de euros.**

RECADACIÓN EXECUTIVA (EVOLUCIÓN)

As comparativas de pagamento en vía executiva realízanse de acordo cos principais das débedas contraídas para a súa posterior entrega a entes delegantes; non obstante, para valorar a actividade recadadora do ORAL, cómpre ter en conta tamén a recadación das recargas de prema, os xuros de demora e as custas do procedemento.

Se temos en conta o total da actividade en relación aos ingresos obtidos na vía executiva no 2024, a cantidade recadada por esta vía ascende ata os **18,80 millóns de euros**.


CONCEPTO	IMPORTE TOTAL RECADADO
Principal da débeda	15.208.396,81 €
Recarga do 5 %	177.600,95 €
Recarga do 10 %	336.134,65 €
Recarga do 20 %	1.594.119,22 €
Xuros de demora	509.779,75 €
Custas	973.833,86 €
TOTAL	18.799.865,24 €

Recadación executiva total	Importe total recadado
2022	19.965.578,37 €
2023	18.250.067,17 €
2024	18.799.865,24 €

A diminución do recadado en vía executiva no exercicio 2023 ten a súa orixe na maior selección dos valores para apremar sobre os que se pretende realizar tarefas de execución contra os bens das persoas debedoras (15,9 millóns de euros en 2022, 14,8 en 2023 e 14,9 en 2024)..

Pendente de cobro en executiva o 31/12/2024

Dos 53,28 millóns de euros pendentes de cobro cos que se pechou o exercicio 2024, 39 millóns correspóndense con débedas en executiva, mentres que 13,9 se refiren a procedementos de cobro en voluntaria aínda non finalizados.



Capítulo 5


Outras actividades de xestión

XESTIÓN DAS SANCIÓNIS DE TRÁFICO

O **ORAL** desempeña a función de **instrución dos expedientes sancionadores non tributarios** relacionados co incumprimento da normativa de tráfico e das ordenanzas municipais, sempre que os concellos da provincia lle deleguen esta competencia. Convén subliñar que esta delegación **non implica en ningún caso a transmisión da potestade sancionadora**, que segue correspondéndolle á ou ao responsable da entidade local.

As funcións delegadas polo concello abranguen **todo o proceso que vai desde a notificación do inicio do expediente ata a presentación da proposta de resolución que a persoa instrutora eleva ao órgano competente para a súa aprobación ou resolución definitiva**. Durante esta fase, o ORAL analiza a documentación e garante o cumprimento do procedemento, asegurando que cada expediente estea correctamente tramitado antes de chegar á autoridade sancionadora.

No exercicio 2024 tramitáronse un total de **26.984 denuncias** interpostas polas e polos axentes responsables da vixilancia do tráfico, o que supón un incremento de **4.244 denuncias con respecto ao ano anterior**. Este aumento reflicte tanto a actividade crecente na xestión de expedientes coma a eficacia do sistema de delegación de funcións, permitindo unha xestión máis ordenada e profesional destes procedementos sancionadores e garantindo ao mesmo tempo a correcta aplicación da normativa.




INSPECCIÓN TRIBUTARIA E COMPROBACIÓN

Durante este exercicio realizáronse tarefas de inspección e comprobación con descubrimento de débeda nun total de 38 concellos da provincia: Arbo, Barro, Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Crecente, Cuntis, A Estrada, Gondomar, O Grove, A Illa de Arousa, Lalín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Poio, Ponteareas, Ponte Caldelas, Pontecesures, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vilaboa e Vilanova de Arousa.

EXPEDIENTES DE INSPECCIÓN/COMPROBACIÓN LIMITADA	TOTAL
Expedientes de inspección	501
Expedientes de comprobación limitada	2.779
TOTAL DE EXPEDIENTES FINALIZADOS	3.280


Liquidacións de inspección e comprobación



No exercicio 2024 tramitáronse e finalizáronse 3.280 expedientes de inspección ou comprobación limitada, o que supón un **incremento do 35 % con respecto a 2023**.

O importe total das liquidacións xeradas por estes procedementos **eleváronse ata os 2.410.114,22 €, o que supón case 625.000 euros máis que no exercicio anterior (2023: 1.786.585,12 €)**. Ademais disto, liquidáronse 180.127,84 € máis en concepto de sancións derivadas dos procedementos inspectores.

Actas de conformidade



COLABORACIÓN NA XESTIÓN CATASTRAL

O ORAL, no marco do convenio asinado coa Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro), desempeña diversas tarefas de colaboración en materia de xestión catastral co obxectivo de facilitar e axilizar a tramitación de procedementos relacionados co Catastro Inmobiliario. Entre as tarefas máis destacadas que asume e que desenvolve para todos os concellos que solicitaron a súa adhesión a este acordo, encóntranse as seguintes:

- A tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica e alteracións de orde física e económica relativas a inmoables rústicos e urbanos.
- Actuacións de colaboración na actualización das descricións catastrais dos inmoables susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro.
- A atención ao público como consecuencia da tramitación de procedementos catastrais, cando lle afecten a un número significativo de inmoables.
- A notificación ás persoas interesadas das variacións antes indicadas.


PROCEDEMENTOS DE VALORACIÓN COLECTIVA

Ademais de seguir a desenvolver tarefas derivadas da emisión de liquidacións dos procedementos simplificados de valoración colectiva (PSVC) iniciados en exercicios anteriores (O Porriño, Caldas de Reis, Baiona, Vila de Cruces, Vilaboa, Gondomar, Pontearreas, Portas e Sanxenxo), no exercicio 2024 iniciáronse os seguintes PSVC en concellos xestionados polo ORAL.

CONCELLO	EXPEDIENTE	DATA DE PUBLICACIÓN
MOAÑA	355972.36/24	15/11/2024
MONDARIZ	355600.36/24	27/12/2024
PORTAS	418014.36/24	09/09/2024
PORTAS	388883.36/24	18/07/2024
PORTAS	594263.36/23	15/02/2024
RODEIRO	633603.36/24	15/11/2024
RODEIRO	384801.36/24	04/07/2024
RODEIRO	350276.36/23	03/01/2024
SOUTOMAIOR	389793.36/24	15/07/2024
SOUTOMAIOR	350744.36/23	10/01/2024
VILANOVA DE AROUSA	336280.36/24	24/06/2024
VILANOVA DE AROUSA	351411.36/23	02/05/2024

No exercicio 2024 resolvéronse **7.973 expedientes catastrais**.

Ademais do anterior, emitíronse máis de **380 comunicacións** para regularizar titularidades erróneas no padrón catastral con máis de 1.400 inmoables regularizados.



XESTIÓN DE EXPEDIENTES

No exercicio 2024, o ORAL **resolveu máis de 55.000 expedientes** derivados da delegación das facultades de xestión, liquidación, recadación e inspección por parte dos concellos que confiaron na institución para xestionar os seus tributos.



O maior volume de traballo concéntrase na tramitación de declarativos, que inclúen tanto taxas e prezos públicos coma outros tributos, así como a resolución de recursos e a atención a solicitudes de beneficios fiscais.

No apartado de “outras solicitudes” inclúense expedientes relacionados con suspensión, compensación, plans de pagamento personalizado etc.

Finalmente, no bloque de “outros tipos de expedientes” encóntranse procedementos diversos, como a afección de bens, solicitudes de rateo, expedientes sancionadores, procedementos concursais, derivacións, comunicacións, hipoteca legal tácita ou actuacións sobre sucesores, entre outros.

Esta ampla variedade de expedientes **reflicte a complexidade e a diversidade das tarefas** que o ORAL asume no marco da xestión tributaria e catastral dos concellos da provincia e garante unha atención integral e profesional ás necesidades de administración local.

Tipoloxía de expedientes tramitados



DEPURACIÓN DE DATOS


No exercicio 2024 realizáronse importantes tarefas de depuración das bases de datos que nutre o traballo do ORAL en relación coa xestión e recadación dos recursos locais delegados. Así, desenvolvéronse varias plataformas para o tratamento interno dos datos subministrados polas e polos titulares censuais e tamén varias aplicacións que favorecen a intermediación e consulta de datos con outras administracións.

Froito dos traballos realizados obtivéronse os seguintes resultados:

- **Modificacións de enderezos:** durante o 2024 realizáronse 67.599 modificacións en enderezos. Destacan as actuacións de Oficina Virtual (3.929 modificacións realizadas polas propias persoas contribuíntes) e as substitucións de direccións erróneas obtidas a través do INE ou AEAT.
- **Modificacións en nomes:** realizáronse 72.962 modificacións de nomes e apelidos. A maior parte consistiron na corrección de abreviaturas, da orde dos apelidos, caracteres especiais e homoxeneización de nomes con base nos datos existentes na AEAT.
- **Modificacións en NIF:** realizáronse 2.057 modificacións de identificadores fiscais. Destacan 1.226 cambios masivos por conversión de NIE a NIF segundo datos da AEAT, así como diversas revisións manuais.
- **Agrupacións de persoas contribuíntes:** durante 2024 realizáronse 2.833 agrupacións, coa consecuente eliminación de 4.953 contribuíntes do noso aplicativo de xestión. A maioría das agrupacións foron xestionadas en resposta a duplicidades xeradas por altas provenientes de expedientes sancionadores en materia de tráfico ou migracións.
- **Altas de contribuíntes:** déronse de alta 37.393 contribuíntes. Entre o máis destacado atópase: máis de 11.000 altas do Concello da Guarda, 951 por infraccións de tráfico (PDA), 601 por rexistro de notarías, así como a introdución de 500 novas persoas representantes de herdanzas xacentes.
- **Asignación de representantes a contribuíntes que faleceron:** durante o ano traballouse intensamente na actualización de representantes de persoas falecidas; con tal motivo elimináronse 1.626 representantes por falecemento, substituíronse 9.302 e introducíronse 17.218 novas e novos representantes. Estes traballos apoiáronse en datos facilitados pola ATRIGA e no desenvolvemento de ferramentas de automatización

Para xestionar os tributos delegados, o ORAL manexaba a comezo de 2024 unha base de datos inicial de 927.050 suxeitos. Durante o exercicio 2024 os traballos de depuración da base de datos para unha mellor xestión e recadación dos recursos locais alcanzaron un total de 190.306 persoas, un 50 % máis que no exercicio anterior.

Depuración da BD de persoas






VARIACIÓN	NÚM.
Persoas o 01/01/2024	927.050
Altas	38.408
Baixas	4.975
Persoas o 31/12/2024	960.483

REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN TRIBUNAIS. XULGADOS DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

O ORAL exerce a defensa xudicial e o exercicio de accións xudiciais e administrativas de todo tipo, en defensa de tributos e ingresos, xestión e recadación de dereito público das materias delegadas.

Neste exercicio 2024 desenvolvéronse 39 procedementos en materia contencioso-administrativa, que requiriron 574 actuacións diferenciadas ante os tribunais de xustiza. En canto ao resultado obtido nestes procedementos, un 66 % contou cun pronunciamiento favorable ou polo menos parcialmente favorable aos intereses defendidos polos servizos xurídicos do ORAL, mentres que o 33 % restante obtivo un pronunciamiento a favor dos intereses das e dos particulares.

En termos económicos, estes pronunciamentos favorables supuxeron un 98,5 % das cantidades obxecto de litixio (298.855,69 € fronte a 4.854,20 €). En canto aos pronunciamentos parcialmente favorables (516.006,05 € en litixio), o resultado foi de 356.332,12 € a favor do ORAL e 159.673,92 € a favor dos particulares.



Acto	Sentido	Motivo	Núm.	Contías
SENTENZA	Favorable	(Desestimación)	17	298.855,69 €
	Parcialmente favorable	(Estimación parcial)	4	516.006,05 € (*)
	Desfavorable	(Estimación)	9	4.854,20 €
AUTO	Favorable	(Desistencia/falta de competencia)	3	
	Desfavorable	(Recoñecemento en vía administrativa)	3	
PROVIDENCIA	Desfavorable	(Inadmisión)	1	
DECRETO	Favorable	(Desistencia)	2	
TOTAL			39	

(*) Dos cales 508.728,95 € se corresponden co PO 261/2023 (vid. folio 20). A sentenza anula o importe de 154.830,55 € e recoñece a favor do concello/ORAL os 353.898,40 € restantes.


XESTIÓN DE PROCEDIMENTOS CONCURSAIS. XULGADOS DO MERCANTIL

No exercicio 2024 rexistráronse en Galicia 2.322 solicitudes concursais, o que representa un aumento dun 27 % con respecto ao exercicio anterior. Este notable incremento débese, en gran medida, á crecente utilización do procedemento concursal por parte de persoas físicas. O ORAL desenvolve a súa actividade en relación cos procedementos concursais en distintas fases:


- **Inicio:** no exercicio 2024 iniciáronse un total de 405 expedientes, o que deriva na necesidade de personarse en cada un deles, comunicando os créditos coa súa respectiva clasificación e facendo un seguimento do seu recoñecemento.
- **Seguimento dos expedientes en tramitación:** na altura do 31/12/2024 mantíñanse un total de 1.577 expedientes concursais en tramitación, dos que se atopan en fase de convenio un total de 60 procedementos. O ORAL realiza actuacións diarias de comunicación e comprobación de recoñecemento de créditos e mantén un contacto diario con administradores concursais e cos xulgados do mercantil; destacan as tarefas de presentación de incidentes concursais no caso de falta de recoñecemento de créditos comunicados, demandas para esixir o seu pagamento, alegacións ás exoneracións do pasivo insatisfeito...
- **Seguimento dos concursos concluídos:** o ORAL finalizou no exercicio 2024 un total de 309 procedementos. En relación a estes últimos, é necesario comprobar e aplicar os cobros dos créditos e trasladar o non cobrado para a súa posible derivación. Ademais, realízase un seguimento continuo dos prazos de pagamento pactados e comunícanse de xeito continuado os créditos contra a masa a medida que se van xerando para que se aboen inmediatamente na data de vencemento.

No marco das actuacións desenvolvidas ante os xulgados do mercantil, destaca entre outras a Sentenza 15/2025 (concurso voluntario 1094/2024), ditada polo Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, na que, tras a interposición dun incidente concursal po parte do ORAL, se lles recoñecen aos créditos reclamados o carácter de non exonerables.


En tramitación




Iniciados



Finalizados



En convenio



■ Persoas físicas ■ Persoas xurídicas

■ Persoas físicas ■ Persoas xurídicas

■ Persoas físicas ■ Persoas xurídicas

■ Persoas físicas ■ Persoas xurídicas

CERTIFICACIÓN EN CALIDADE DOS SERVIZOS DO ORAL

O ORAL obtivo recentemente a certificación ISO 9001:2015 no servizo de atención a contribuíntes e entes delegantes. Este recoñecemento avala o compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua en todos os seus procesos.

A norma ISO 9001:2015 é un estándar internacional que define os requisitos para un sistema de xestión da calidade (SXC). Obter esta certificación significa que o ORAL implementou un sistema que cumpre con rigorosos criterios de calidade na prestación dos seus servizos. Algúns aspectos chave que abarca esta norma son:

- Enfoque á e ao cliente: priorizar a satisfacción de contribuíntes e entes delegantes, comprendendo as súas necesidades e expectativas.
- Liderado: compromiso da dirección coa calidade e a mellora continua.
- Participación do persoal: involucrar as e os empregados na xestión da calidade e fomentar o seu desenvolvemento profesional.
- Enfoque baseado en procesos: xestionar as actividades como procesos interrelacionados para lograr resultados eficientes.
- Mellora continua: buscar constantemente formas de optimizar os procesos e mellorar a calidade dos servizos.
- Toma de decisións baseada na evidencia: utilizar datos e análises para tomar decisións informadas.
- Xestión das relacións: manter relacións mutuamente beneficiosas cos entes delegantes e outras partes interesadas.

A certificación ISO 9001:2015 do ORAL tradúcese en beneficios concretos para as persoas usuarias dos seus servizos:

- Maior calidade na atención: un servizo máis eficiente, áxil e personalizado.
- Maior confianza e transparencia: procesos máis claros e definidos que xeran maior confianza na xestión deste ente.
- Mellora continua dos servizos: o compromiso coa mellora continua asegura que os servizos se adapten ás necesidades cambiantes das e dos contribuíntes e dos entes delegantes.
- Maior fiabilidade: a estandarización de procesos reduce a posibilidade de erros e asegura a consistencia na prestación dos servizos.

O ORAL reafirma o seu compromiso coa mellora continua e a satisfacción das persoas usuarias, buscando constantemente novas formas de optimizar os seus procesos para brindar servizos eficientes, confiables e orientados ás necesidades de contribuíntes e entes delegantes.



SEMANA DA ADMINISTRACIÓN ABERTA 2024

Semana do Goberno Aberto é unha iniciativa promovida pola Alianza para o Goberno Aberto a nivel mundial e que ten como obxectivo difundir os seus principios e prácticas para crear unha cultura compartida polas administracións públicas e a cidadanía, baseada nos valores de transparencia e integridade, participación cívica e promoción dos dereitos fundamentais, así como a rendición de contas.

No exercicio 2024, a Deputación de Pontevedra participou activamente no fomento dos valores de transparencia e integridade e, por primeira vez, organizou unha actividade no marco da semana de goberno aberto, en colaboración coa Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra, baixo a denominación “A Administración cada vez máis preto, novas ferramentas ao servizo da cidadanía”.

Con esta iniciativa pretendeuse trasladar a representantes dos concellos e funcionariado municipal da provincia de Pontevedra información de interese, tanto para elas e eles coma para a súa veciñanza, en relación coas novas ferramentas á súa disposición e a súa utilidade presente e futura de cara a unha mellor xestión do territorio e tamén das súas implicacións no ámbito tributario local.

SEMANA DE LA ADMINISTRACIÓN ABIERTA 2024

13/06/2024 10:30 Salón de plenos. Pazo provincial. Pontevedra



PASANTÍA PARA ALUMNADO MUNICIPALISTA IBEROAMERICANO 2024

No marco do XIX Curso de Pasantías para Alumnos Municipalistas Iberoamericanos 2024, a Deputación de Pontevedra acolleu durante uns días (do 9 ao 14 de xuño de 2024) a pasante mexicana Giovanna Vidal Cedano, da Mestría en Finanzas e Auditoría Governamental do Instituto de Administración Pública do Estado de Jalisco, para a realización das súas prácticas.

Esta pasantía desenvólvese no marco do programa internacional da Organización Iberoamericana de Cooperación Intermunicipal (OICI) e da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), e constitúese como un programa de cooperación fundamental para transmitir experiencias e fortalecer os lazos con Iberoamérica.

Este programa consta de tres fases: unha primeira na sede da FEMP en Madrid, onde se realiza unha aproximación ao municipalismo en España, unha segunda fase teórico-práctica que se desenvolveu no Concello de Valladolid, e unha terceira fase de carácter práctico na que o alumnado desenvolve a súa actividade formativa nas entidades locais colaboradoras sobre as materias específicas do seu interese, neste caso, sobre xestión tributaria e recadación.


Con este fin, a pasante participou en diversas actividades programadas no ORAL e debateu co persoal técnico do servizo acerca da fiscalidade municipal en España e dos medios de xestión e recadación dos recursos locais.



OUTROS AVANCES NO EXERCICIO

Intermediación: no exercicio 2024 realizáronse un total de 354.658 intermediacións de datos con outras administracións, o que evita achegar de novo a documentación que xa está en poder da Administración. Destacan polo seu volume as consultas á Dirección Xeral de Tráfico e á Axencia Estatal de Administración Tributaria. O apartado “outros” recolle a opción para pequenas consultas (Catastro, IGAE, CORPME, IMSERSO, MUFACE e SEPE).

- Elaboración da *Guía de servizos tributarios 2024*.
- Inicio das obras de **mellora sanitaria dos servizos centrais do ORAL** (outubro de 2024).
- Traslado da Oficina Periférica de Vilanova de Arousa a unha nova localización (decembro de 2024).
- **Comezo da prestación presencial de servizos no Concello da Guarda**, tras a delegación íntegra das facultades de xestión e recadación dos seus tributos.
- Estrea da **nova web do ORAL e actualización permanente** da web corporativa do ORAL (<https://oral.depo.gal>).
- Emisión de informes a requirimento da **Valedora do Pobo (8)** e contestación de queixas e suxestións a particulares (11).
- Activación do **pagamento mediante tarxeta** e a través de **Bizum** en todas as oficinas do ORAL.
- Posta en marcha dun **proxecto específico para a depuración de datos** e melloras na xestión e recadación a través do desenvolvemento dun proxecto piloto para a depuración singularizada do pendente de cobro dos entes delegantes.
- Expansión da inspección tributaria e a loita contra a fraude fiscal coa tramitación de expedientes de inspección do IIVTNU e a inspección tributaria de sociedades sen actividade nin movementos xurídicos.



Capítulo 6

Outros serviços a entes delegantes

OUTROS SERVICIOS PRESTADOS A ENTES DELEGANTES

O ORAL tramita anticipos á conta da recadación, de acordo co regulado na base 28 da Ordenanza de relacións interadministrativas, do seguinte xeito:

ANTICIPOS ORDINARIOS:

O ORAL realiza entregas á conta da recadación dos padróns de IBI Urbano, IBI BICES, IVTM e IAE, con periodicidade mensual a partir do mes de xaneiro e ata a liquidación definitiva do correspondente padrón, como máximo en 10 mensualidades.


ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS:

- a) Anticipo sobre padróns ou listas cobratorias das taxas e prezos públicos, unha vez aprobadas polo órgano competente.
- b) Anticipo sobre padróns de taxas e prezos públicos pendentes de aprobación polo órgano competente.
- c) Anticipos sobre liquidacións de IBI resultado de regularizacións catastrais e outros procedementos de valoración colectiva ou análogos.

ANO	ANTICIPOS ORDINARIOS	ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS	TOTAL
2021	61.997.961,00 €	2.348.560,58 €	64.346.521,58 €
2022	64.544.951,00 €	1.754.324,40 €	66.299.275,40 €
2023	65.224.792,00 €	1.925.616,63 €	67.150.408,63 €
2024	66.328.866,00 €	3.287.337,34 €	69.616.203,34 €

As cantidades anticipadas no exercicio 2024 alcanzan os 69,62 millóns de euros, o que supón un incremento da liquidez aos entes delegantes do 3,68 % en concepto de anticipos ordinarios e extraordinarios.

ANTICIPOS ORDINARIOS




ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS



LIQUIDACIÓN PROVISIONAIS:

Ademais dos anticipos sinalados, e co fin de dotar as entidades delegantes de maior liquidez, no exercicio 2024 practicáronse liquidacións provisionais á conta das liquidacións definitivas sobre a contía íntegra da recadación dos padróns, a recadación por liquidacións de contraído logo do ingreso directo, a recadación por liquidacións de contraído simultáneo e/ou autoliquidacións e a recadación en período executivo de cobro **por un importe de 3.125.000 €**, o que supón un **incremento dun 695,17 %** con respecto ao exercicio anterior.



PLATAFORMAS E TECNOLOXÍAS A DISPOSICIÓN DOS CONCELLOS

O ORAL pon á disposición dos concellos delegantes varias utilidades para mellorar a xestión, transparencia ou cobrabilidade das débedas.

Software de Información Tributaria

O ORAL pon á disposición dos entes delegantes un software para o seguimento en tempo real da xestión e recadación dos tributos delegados.

SIT Sanciona

Esta aplicación específica, móbil e multi-plataforma, para a xestión de sancións de tráfico de dispositivos PDA postos á disposición das e dos axentes da policía local, optimiza o proceso de imposición de multas e axiliza a tramitación destas, ademais de eliminar erros e aforrar custos. Permite identificar a persoa infractora, recoñecer a matrícula, xeolocalizar a infracción, incorporar fotografías e asinar a denuncia, así como imprimir o boletín de denuncia para a súa notificación, que queda gravada automaticamente no sistema para a súa tramitación.

SolORAL

A utilidade SolORAL é unha ferramenta creada para facilitar a interrelación directa entre o ORAL e os entes delegantes. A través desta plataforma intercámbianse solicitudes de interese para ambas as partes, o que permite un contacto áxil e o respecto e a garantía da trazabilidade de cada petición.

EXERCICIO	NÚM. TOTAL	CON DESTINO AO ORAL	CON DESTINO AOS ENTES DELEGANTES
2021	7.389	5.613	1.776
2022	8.724	6.350	2.374
2023	7.196	5.210	1.986
2024	7.512	5.441	2.071

DocORAL


A utilidade DocORAL é un repositorio de documentación situado na nube que permite o depósito e almacenamento de documentación de interese para as entidades delegantes. A través deste sistema, no exercicio 2024 puxéronse á disposición dos entes delegantes padróns tributarios, listas cobratorias, matrículas do IAE, esforzo fiscal e as liquidacións de rendición de contas das competencias delegadas (liquidacións de cada unha das cobranzas ao finalizar os períodos voluntarios de pagamento, liquidacións bimensuais de ingresos directos e recadación executiva, así como a conta de xestión global do exercicio 2024).



Control de Debedores

Esta utilidade está deseñada para comprobar se unha relación de pagos subministrada por un ente delegante contén terceiras persoas que teñan débedas en vía executiva en calquera dos concellos que xestiona o ORAL por delegación. Logo da consulta inmediata dun ficheiro de comprobación, permítelles aos municipios realizar pagamentos coa seguridade de que estas terceiras persoas non son debedoras ás facendas locais.

CONCELLOS	NÚM. DE PETICIÓNS	CONCELLOS	NÚM. DE PETICIÓNS
A Guarda	54	O Porriño	228
Baiona	260	O Rosal	52
Caldas de Reis	28	Ponte Caldelas	151
Cambados	53	Ponteareas	3003
Cerdedo-Cotobade	253	Rodeiro	16
Gondomar	58	Salvaterra de Miño	42
Lalín	532	Tomiño	45
Moaña	145	Vila de Cruces	29
Mos	14	Vilaboa	95
Nigrán	116	Vila de Cruces	17
TOTAL			2.474



Capítulo 7

**Información
e atención á
ciudadanía**


INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA

Contacto:

WEB DO ORAL:	https://oral.depo.gal
OVT:	https://ovt.depo.gal
CORREO-E:	informacion.oral@depo.es
ATENCIÓN TELEFÓNICA:	• 886 211 400 • 886 211 420

As nosas oficinas en 2024:

1	Lalín	13	Vigo
2	A Estrada	14	Nigrán
3	Caldas de Reis	15	O Rosal
4	Vilanova de Arousa	16	Tomiño
5	Cambados	17	Tui
6	Pontevedra	18	O Porriño
7	Sanxenxo	19	Ponteareas
8	Ponte Caldelas	20	A Cañiza
9	Bueu	21	Crecente
10	Moaña	22	Arbo
11	Cangas	23	As Neves
12	Covelo	24	A Guarda



INFORMACIÓN E ATENCIÓN EN 2024 (OFICINAS DE ASISTENCIA)

Denominación	Enderezo	Horario
Pontevedra	Rúa de Manuel del Palacio, núm. 16	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Arbo	Rúa de Luis Cubelas, núm. 2	Mércores, de 9:00 a 13:30 h
Bueu	Rúa de Eduardo Vincenti, núm. 8	Luns, de 9:00 a 13:30 h
Caldas de Reis	Rúa de José Salgado, núm. 19	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Cambados	Rúa de Ourense, núm. 8	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Cangas	Praza das Pontes, s/n	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
A Cañiza	Rúa do Progreso, edificio dos xulgados	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Crecente	Rúa de Solís Ruíz, núm. 5	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Covelo	Praza do Mestre Cerviño, núm. 2	Luns, de 9:00 a 13:30 h
A Estrada	Avenida de Benito Vigo, núm. 47, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
A Guarda	Rúa de José Manuel Andreini, núm 6, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Lalín	Praza de Galicia, núm. 1, Castro Tecnolóxico	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Moaña	Rúa das Barxas, núm. 15	De luns a venres, de 9:00 a 14:00h
As Neves	Praza da Cristiandade, núm. 1	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Nigrán	Rúa das Damas Apostólicas, núm. 15	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Ponteareas	Rúa de Concha Brey, núm. 4, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Ponte Caldelas	Avenida de Galicia, núm. 17 (casa do concello)	Venres, de 9:00 a 13:30 h
O Porriño	Rúa do Piñeiral, núm. 5	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
O Rosal	Praza do Calvario, núm. 1	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Sanxenxo	Rúa da Viña da Fonte, núm. 2	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Tomiño	Praza do Seixo, s/n	Mércores, de 9:00 a 13:30 h
Tui	Rúa do Rosal, bloque Pérez Blanco, núm. 1, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Vigo	Rúa de Eduardo Chao, núm. 17	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Vilanova de Arousa	Rúa de Curros Enríquez, núm. 18, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h

ORAL A Guarda

Tras a recente delegación de competencias por parte do Concello da Guarda, o ORAL ampliou a súa rede de oficinas para ofrecerlles unha atención máis próxima e eficiente ás e aos contribuíntes. Desde o pasado 7 de outubro de 2024 está aberta ao público a nova oficina do ORAL na Guarda, no número 6 da rúa de José Manuel Andreini.



ORAL Vilanova de Arousa



A oficina do ORAL en Vilanova de Arousa mudou a súa situación á rúa de Curros Enríquez, núm. 18, baixo, e desenvolve as súas tarefas nunhas dependencias máis cómodas e accesibles para as persoas contribuíntes.

ESTADÍSTICAS DE ATENCIÓN


No exercicio 2024, o ORAL atendeu un total de **666.206 consultas e solicitudes da cidadanía**, entre as que destacan especialmente as atencións telemáticas, que supoñen xa o 76,8 % do total.

Esta cifra reflicte non só a capacidade do ORAL de adaptarse ás novas tecnoloxías, senón tamén a tendencia crecente da sociedade a empregar **plataformas dixitais** para realizar trámites de forma rápida, cómoda e segura, o que reduce desprazamentos e tempos de espera.

Aínda que a dixitalización é claramente dominante, as atencións presenciais tamén experimentaron un aumento en todas as oficinas, pasando de 97.734 en 2023 a **108.680 en 2024**. Isto demostra que a atención cara a cara segue a ser un servizo fundamental, especialmente para quen require orientación personalizada ou resolución de trámites complexos, onde a interacción directa coa Administración é máis eficaz.



NÚM. DE ATENCIÓNS MENSUAIS



No que respecta á distribución ao longo do ano, a actividade mantense bastante estable mes a mes, con **lixeiros incrementos no segundo semestre**, probablemente relacionados coa cobranza en voluntaria do imposto sobre bens inmoables.

Estes datos evidencian que o ORAL é capaz de garantir unha atención continua, equilibrada e eficiente, combinando o aproveitamento das ferramentas dixitais coa calidade do servizo presencial.

En definitiva, o balance de 2024 reflicte tanto a **consolidación da dixitalización coma a importancia de manter canles de atención presencial**, asegurando que todas e todos os cidadáns, independentemente da súa preferencia ou necesidade, poidan acceder aos servizos do ORAL de maneira áxil, segura e eficaz.



ORAL INFORMA

Información vía web

- 🔊 Inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello de Rodeiro (19/01/2024).
- 🔊 Inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello de Soutomaior (19/01/2024).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento de liquidacións derivadas dos PSVC nos concellos de Baiona, Caldas de Reis, O Porriño e Pontearreas (06/02/2024).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento das taxas municipais de 2024 do primeiro trimestre (06/02/2024).
- 🔊 A Deputación xestionará 3,8 millóns de euros no primeiro prazo para o pagamento voluntario de taxas municipais de 30 concellos da provincia (15/02/2024).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento do IVTM 2024 (18/04/2024).
- 🔊 A Deputación ten aberto ata o 18 de xuño o prazo para o pagamento voluntario do IVTM en 47 concellos da provincia (23/04/2024).
- 🔊 Luis López destaca o traballo da Deputación para aumentar en 1,8 millóns de euros a recadación dunha ducia de concellos polos que pasa a AP-9 (03/05/2024).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento das taxas municipais de 2024 do segundo trimestre (06/05/2024).
- 🔊 Semana da Administración Aberta 2024 (12/06/2024).
- 🔊 A Deputación activa o pago con Bizum e con tarxeta nas oficinas do ORAL para simplificarlle á cidadanía a xestión dos seus tributos (13/06/2024).
- 🔊 Aberto o prazo para o pagamento do IBI 2024 (29/07/2024).
- 🔊 Aberto o prazo para o pagamento das taxas municipais de 2024 do terceiro trimestre (05/08/2024).
- 🔊 Aberto o prazo para o pagamento do IAE 2024 (17/09/2024).
- 🔊 A Deputación estrea a nova web do ORAL, máis fácil, accesible e transparente para mellorar a atención á cidadanía (28/11/2024).
- 🔊 ORAL ponse ao día: nova web, novas facilidades (09/12/2024).
- 🔊 Publicado no BOPPO o calendario de cobro de tributos municipais para 2025 (11/12/2024).
- 🔊 Inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva en Mondariz (30/12/2024).

ORAL INFORMA é o programa de emisión de información áxil para as e os contribuíntes. Utiliza diversas ferramentas de información activa como a web, o SMS, o correo electrónico, as redes sociais, a publicación de contidos na prensa convencional e as pantallas de información nas oficinas.



ORAL INFORMA

Prensa



-  *Faro de Vigo*: “Los moañeses tienen hasta el 31 de mayo para limpiar sus fincas y deben resolver la titularidad en el catastro” (12/01/2024).
-  *ABC Galicia*: “Audasa pagará veinte veces más de IBI al caducar sus privilegios” (29/01/2024)
-  *Faro de Vigo*: “La Diputación insta a Cangas a modificar la ordenanza que regula el impuesto de plusvalía” (05/04/2024).
-  *Faro de Vigo*: Abierto el plazo para el pago del IVTM en concellos de Deza-Tabeirós” (24/04/2024).
-  *VigoÉ, Pontevedra Viva*: “Los impuestos municipales ya se pueden pagar en el ORAL con tarjeta o Bizum” (13/06/2024).
-  *Faro de Vigo*: “A Estrada abordará con el ORAL el censo de viviendas vacías y de grandes poseedores” (06/08/2024).
-  *La Voz de Galicia*: “Vecinos de A Estrada y Lalín notan ya en sus bolsillos la subida del IBI” (22/08/2024).
-  *Diario de Pontevedra*: “El tasazo de la basura: así lo afrontan los concellos de Pontevedra y su comarca” (28/10/2024).
-  *Pontevedra Viva*: “Ya se pueden solicitar las bonificaciones del IBI para familias numerosas en Poio” (11/12/2024).

Redes sociais

👍 ORAL INFORMA promociónase tamén nas redes sociais (📷 📺 📱)


SMS e correos electrónicos informativos

No 2024 emitíronse un total de 415.310 avisos de inicio, fin de voluntaria e cargo en conta a través de SMS. Ademais, enviáronse un total de 188.355 avisos a través de correo electrónico. Por materias, a desagregación foi a seguinte:



OVT (OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA)

Principais trámites realizados na OTV



No presente ano rexistráronse un total de **1.462.294 accesos á nosa Oficina Virtual Tributaria**, o que reflicte de xeito claro a disposición da cidadanía a empregar plataformas electrónicas para xestionar cuestións fiscais.


Os principais trámites realizados céntranse na consulta de obxectos tributarios, recibos emitidos, cargos en conta derivados das ordes de domiciliación bancaria ou presentación de documentación e solicitudes.

Ademais, a Oficina Virtual consolidouse como unha **vía habitual de pagamento** que lles permite ás e aos cidadáns realizar as súas obrigas tributarias de forma rápida, segura e cómoda, sen necesidade de desprazarse a unha oficina física.


Outro aspecto destacado é a súa utilización como **ferramenta de depuración** e actualización de datos das persoas contribuíntes, o que garante que a información que figura no sistema sexa a correcta. Este uso contribúe á eficiencia administrativa, facilita a xestión dos expedientes e mellora a calidade do servizo ofrecido á cidadanía.

En conxunto, estas cifras evidencian que a Oficina Virtual non só é un recurso tecnolóxico, senón tamén unha **ferramenta fundamental para simplificar a xestión tributaria**, aforrar tempo e mellorar a interacción entre o organismo tributario e as persoas contribuíntes.

PRINCIPAIS PRESENTACIÓNS NA OVT



Modo de acceso



2024

En cifras



2024 EN CIFRAS



CONCELLOS

- O **91,18 %** dos concellos da provincia mantén relacións co ORAL en materia de **xestión** ou **recadación**
- Xestionamos por conta de **9 entidades locais distintas** ao municipio
- Xestionamos e recadamos tributos do **98,04 %** dos concellos da provincia de **menos de 20.000 habitantes**
- Realizamos anticipos por un importe de **69,9 M€**
- Incrementamos un **8,31 %** as **cantidades anticipadas** aos concellos



ESTRUTURA

- **142 persoas** na RPT
- **58 %** de **mulleres** no cadro de persoal
- **93 %** de funcionariado no cadro de persoal
- **2,1 persoas traballadoras** para cubrir cada ente delegante
- **24 centros** de traballo na provincia




1.236 horas
FORMACIÓN



RECADACIÓN

- Redución dun **11,88 %** do pendente de cobro o 31/12
- Incremento da recadación en vía voluntaria de liquidacións nun **3,14 %**
- Media de cobro dos principais padróns en voluntaria do **91,58 %**
- Incremento da porcentaxe de domiciliación bancaria nun **1,86 %**




INSPECCIÓN E COMPROBACIÓN

- **3.280 expedientes** finalizados con descubrimiento de débeda
- **38** concellos inspeccionados
- **2.410.114,22 €** liquidados



PERSOAS CONTRIBUÍNTES

- **666.206** atencións realizadas
- **11,20 %** de incremento das atencións presenciais
- ORAL INFORMA: **415.310 SMS** enviados
- ORAL INFORMA: **188.355 correos electrónicos** enviados



DEPURACIÓN

- **190.306** persoas modificadas
- **67.599** modificacións en direccións
- **28.146** modificacións nas persoas representantes das herdanzas xacentes
- **5.914** cambios de titularidade realizados de oficio de forma masiva
- **354.658** intermediacións de datos con outras administracións



XESTIÓN TRIBUTARIA



- **55.207** expedientes resoltos
- **924.380** recibos domiciliados
- **1.396.286 recibos** emitidos (padróns)
- **124.150 liquidacións** emitidas
- **245.110 notificacións** realizadas
- **26.984 denuncias** de tráfico tramitadas
- Resolución de **7.973 expedientes** catastrais
- Regularización catastral de **1.400 inmuebles**
- **574 actuacións** diferenciadas ante os tribunais de xustiza
- O **98,5 %** das cantidades en litixio obtiveron pronunciamentos favorables á xestión do ORAL





ORAL
ÓRGANO DE GESTIÓN TRIBUTARIA E
RECADACIÓN DE RECURSOS LOCAIS